



Concello de Oza-Cesuras

DECRETO DA ALCALDÍA

Vista a providencia desta Alcaldía do 14 de agosto de 2024, pola que se acorda aprobar as bases e convocar o proceso selectivo para a contratación laboral dunha (1) praza de tratorista que desenvolverá traballos esporádicos de peón de servizos múltiples para a realización de tarefas de mantemento e xardinería ao abeiro do convenio interadministrativo asinado entre a Consellería de Medio Rural e este concello para a realización de accións de prevención e defensa contra os incendios forestais durante o ano 2023-2024, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco de Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2014-2020 no tocante ás actuacións en materia de traballos preventivos de xeito mecanizado.

Resultando que publicado o correspondente anuncio na páxina web do concello, presentouse, en tempo e forma, segundo certificación expedida pola encargada do rexistro xeral municipal, unha única solicitude:

NOME E APELIDOS	DNI
JOSE CARLOS PEREZ TABOADA	***7272**

Resultando que, de acordo co establecido nas bases que rexen a convocatoria, o único candidato presentado reúne os requisitos esixidos con referencia ao derradeiro día de prazo de presentación de solicitudes para tomar parte no proceso selectivo.

Considerando que, de conformidade co establecido na base 7ª das que rexen a contratación, no suposto de que non se presenten máis solicitudes que número de prazas convocadas, e sempre que os candidatos reúnan os requisitos esixidos, non será precisa a realización do proceso selectivo.

Á vista do anterior, tendo en conta que o número de solicitudes presentadas para tomar parte no proceso selectivo coinciden co número de prazas convocadas, en uso das atribucións que legalmente me corresponden, RESOLVO:

Primeiro.- Contratar ao único candidato presentado, D. Jose Carlos Pérez Taboada, para o posto de tratorista que desenvolverá, a xornada completa, traballos esporádicos de peón de servizos múltiples para a realización de tarefas de mantemento e xardinería ao abeiro do convenio interadministrativo asinado entre a Consellería de Medio Rural e este concello para a





Concello de Oza-Cesuras

participación na prevención e defensa contra incendios forestais sen que en ningún caso a contratación laboral poida superar o 30 de setembro de 2024.

Segundo.- Comunicar ao seleccionado, mediante chamada telefónica ao número de teléfono que consta no expediente, que deberán presentar nun prazo máximo de 2 días naturais os seguintes documentos:

- a) Certificado de titularidade de conta bancaria.
- b) Copia da tarxeta sanitaria ou número da seguridade social.

Terceiro.- Que unha vez presentada a documentación indicada anteriormente, se dea traslado da mesma á Xestoría Administrativa para que proceda a dalo de alta na Seguridade Social e proceda á realización da formalización do correspondente contrato conforme ao previsto na lexislación vixente facéndolle saber que **a dita contratación deberá conter expresamente no seu clausulado que o dito contrato está vinculado ao convenio coa Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia que está financiado polo Feader dentro da submedida 8.3 “axuda para a prevención dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e catástrofes” do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) 2014-2020.**

Oza-Cesuras, na data da sinatura electrónica

Dou fe,

O ALCALDE

A Secretaria accidental ,

Asdo.- J. Pablo González Cacheiro

Asdo.- María Belén García Otero

